

PROGRAMACIÓN DE
OBRADOIROS
DIDÁCTICOS
MUSEO MASSÓ
PARA GRUPOS



◆ Para quen?

Centros escolares e de formación, asociacións e outras entidades, institucións ou axencias.

Inclúese indicación dos obradoiros accesibles para persoas con discapacidade intelectual

◆ Como?

Reserva previa

- T. 886 151 101 entre 9.00- 21.00 h de luns a venres
- Correo museo.massó@xunta.gal

Indicar:

- día e hora que interesa reservar
- número de participantes
- curso ou idade
- nome e teléfono móbil de contacto dun responsable do grupo
- actividade a realizar

◆ Información de interese

Gratuíto

Mínimo 10 participantes por grupo

Actividades adaptadas aos diferentes niveis educativos

Horario do museo:

- De outubro a maio:
 - ◆ martes- sábado de 9.00 a 21.00 horas
 - ◆ domingo de 10.00 a 14.00 horas
 - ◆ pechado: luns, festivos e 11 de novembro, 24 e 31 de decembro
- De xuño a setembro
 - ◆ martes- sábado de 9.00 a 21.30 horas
 - ◆ domingo de 10.00 a 14.00 horas
 - ◆ pechado: luns, festivos e 16 de xullo

Ligazón ao blog do Museo Massó

<https://museomasso.blogspot.com/p/actividades.html>

◆ O canto das baleas



Idades recomendadas:
4- 6 anos

Descrición: Actividade centrada nas baleas co obxectivo de coñecer as súas características principais como animais mariños, así como as distintas especies que existen.

◆ Corseando cos Bolechas



Idades recomendadas:
4- 6 anos

Descrición: Proponse un achegamento á actividade corsaria e ao seu desenvolvemento en Galicia: a diferenza coa piratería, a súa regulación, as formas de actuar e os obxectivos.

Modalidade da actividade en versión online:
<https://museomasso.blogspot.com/2021/05/dia-internacional-dos-museos-corseando.html>

◆ Mar á vista



**Idades
recomendadas:**
4- 6 anos

Descrición: Xogo de recoñecemento de diferentes especies mariñas a partir dunha pintura de Urbano Lugrís. As nenas e nenos irán descubrindo o universo pictórico do artista así como a representación dos elementos na pintura.

◆ Cousas da praia



**Idades
recomendadas:**
4- 6 anos

Descrición: Actividade encamiñada ao descubrimento da praia como hábitat natural. Formúlanse cuestións como a formación da area da praia, o por que das mareas, que tipo de plantas viven nas dunas, etc. O obxectivo fundamental é ofrecer unha visión diferente da praia aprendendo a respectala como un espazo común onde tamén viven plantas e animais.

◆ O mapa do corsario



Idades recomendadas:
4- 10 anos

Descrición: A actividade pretende fixar mediante o xogo unha serie de conceptos sobre as diferenzas entre as actividades de piratería e do corso, a súa natureza, obxectivos, o seu papel na sociedade do século XIX e o protagonismo galego neste ámbito.

◆ O que o mar non quere



Idades recomendadas:
5- 9 anos

Descrición: Este obradoiro aborda a problemática da contaminación dos océanos. Propónselles ás persoas participantes un xogo para conciencialas sobre as consecuencias dos residuos que acaban no mar e a gran importancia da conservación dos océanos.


◆ Os tesouros do galeón afundido



Idades recomendadas:
5- 9 anos

Descrición: Actividade lúdica desenvolvida dende a liña do descubrimento e o xogo para coñecer en que consiste o traballo da arqueoloxía subacuática, dende a exploración dos fondos mariños ata a interpretación dos depósitos arqueolóxicos e formulación de hipóteses.

◆ A aventura do *Nautilus* Navegando baixo os mares



Idades recomendadas:
5- 10 anos

Descrición: A actividade pretende dar a coñecer os capítulos máis salientables da obra *Vinte mil leguas de viaxe submarina*; especialmente o relativo á chegada do submarino *Nautilus* á baía de Vigo, cando recala na cidade atraído polo suposto tesouro dos galeóns de Rande. O obradoiro fai especial fincapé nos obxectos que conserva o Museo Massó recuperados na enseada de San Simón, como un canón extraído das augas no ano 1958, e que pertence a embarcacións afundidas que participaron na famosa batalla de Rande no ano 1702.

◆ A balea




Idades recomendadas:
6- 8 anos



Descrición: A partir dunha introdución sobre as características principais das baleas e as diferentes ameazas ás que se ven sometidas, as persoas participantes realizarán dous pequenos murais mediante a técnica do *collaxe*. Unha das imaxes estará baseada na caza das baleas e os diferentes perigos que corren e a outra representará a importancia de conservar a especie como parte dun ecosistema.

◆ En busca do tesouro



Idades recomendadas:
6- 9 anos



Descrición: Actividade centrada no episodio da expedición naval da primeira volta ao mundo e os motivos comerciais que a impulsaron. A partir dun mapa e dalgunhas pistas, as persoas participantes terán que encontrar as diferentes partes dun quebracabezas coma se dun tesouro se tratara.

◆ Esta ría é un choio



Idades recomendadas:
6- 9 anos

Descrición: Este obradoiro aborda a temática dos ecosistemas das Rías Baixas a través de especies representativas vencelladas co discurso da exposición permanente. Por outra banda, faise fincapé na concienciación do coidado ambiental a partir da reciclaxe.

Modalidade da actividade en versión online:
<https://view.genial.ly/608806bd1719e10d2c2211e8/interactiva-image-esta-ria-e-un-choio>


◆ Telling stories at the museum



Idades recomendadas:
A partir de 6 anos

Descrición: Con esta actividade achegaremos de forma atractiva e interactiva os contidos principais do relato museístico da exposición permanente: a conquista do mar e a explotación dos recursos do mar, a través da industria conserveira e baleeira, aprendendo o vocabulario específico escrito e oral en inglés con xogos e preguntas.

◆ A arte de navegar



Idades recomendadas:
6- 12 anos

Descrición: A arte de navegar require de coñecementos en materias como astronomía, matemáticas, xeometría e cartografía. Neste obradoiro coñecerán e descubrirán as partes principais dun barco e a distribución de tarefas que se realizan a bordo mediante un xogo en equipo onde a tripulación deberá superar algunhas probas empregando coñecementos básicos de diferentes disciplinas.

◆ Massomakion

Catro propostas de tangram sobre deseños das latas Massó




Idades recomendadas:
6- 12 anos



Descrición: O MassoMakion é unha versión do quebracabezas máis antigo que coñecemos, o Stomakion, que foi ideado no século III antes da nosa Era por Arquímedes de Siracusa. No MassoMakion propónse un xogo a partir dos deseños das latas da empresa Massó e as formas xeométricas. Pódense construír ata catro deseños diferentes coas pezas do tangram.

Modalidade da actividade en versión online:
<http://museomasso.blogspot.com/2021/02/massomakion.html>

◆ Origami mariño



Idades recomendadas:
6- 12 anos



Descrición: Obradoiro sobre as artes de pesca e a división por xénero do traballo no sector pesqueiro, desenvolvido a partir de contidos da sección da exposición permanente dedicada á industria baleeira e da mostra temporal *Crece co mar. Os gozos e as sombras dunha vila mariñeira*. Conclúese cunha actividade manual que consiste na elaboración dun animal mariño coa técnica do origami.

Modalidade da actividade manual en versión online:

<https://museomasso.blogspot.com/2021/05/dim-origami-marino-actividade-online.html>

◆ Mensaxe nunha botella



Idades recomendadas:
6- 12 anos

Descrición: As mensaxes dentro das botellas agochadas polas salas de exposición revelarán ás persoas participantes a importancia que teñen os océanos para o noso planeta, tanto para a diversidade das especies como pola súa influencia no clima. Mediante un xogo deberán completar unhas tarxetas que aportarán as pistas necesarias para atopar as mensaxes.

◆ A gran batalla de Rande



Idades recomendadas:
7- 10 anos

Descrición: Obradoiro didáctico que se achega ao episodio histórico da batalla de Rande e ao mito do tesouro dos galeóns afundidos. As persoas participantes tamén terán que elaborar un taboleiro para xogar ao xogo de afundir a frota inspirado nesta batalla.

◆ O deseño en conserva



Idades recomendadas:
8- 16 anos

Descrición: Este obradoiro céntrase no deseño gráfico dende o punto de vista do *marketing*. As persoas participantes coñecerán a evolución dos deseños nas latas de conserva da empresa Massó Hermanos e, logo, terán que crear o seu propio deseño.



◆ O sal do mar



Idades recomendadas:
9- 16 anos

Descrición: Este taller explica o papel fundamental do sal na conservación dos alimentos e a importancia da súa comercialización ao longo da historia, chegando a alcanzar grandes repercusións económicas e políticas. Prestarase maior atención ao uso do sal en Galicia para a conservación do peixe, e visibilízase o traballo das mulleres na industria da salga, sendo esta un método de conservación empregado durante moitos séculos antes de que existiran as conservas enlatadas e os conxeladores.

◆ Atando cabos. Nós mariñeiros




Idades recomendadas:
A partir de 8 anos



Descrición: Obradoiro práctico de aprendizaxe de 5 nós mariñeiros básicos: Cote, Ás de Guía, Chan, Oito e Ballestrinque. Explicarase a súa orixe e aplicación e, despois, montarase un pequeno cadro de nós.

◆ Atando cabos. Nós mariñeiros




Idades recomendadas:
A partir de 12 anos



Descrición: Obradoiro práctico de aprendizaxe de nós mariñeiros básicos. Explicarase a súa orixe e aplicación e, despois, cada persoa participante elaborará un chaveiro cun tipo de nó mariñeiro.

◆ Ex libris. Personaliza os teus libros



Idades recomendadas:
A partir de 8 anos



Descrición: O obradoiro consiste na realización dun *ex-libris* (selos estampados) para personalizar os libros das persoas participantes. Aprenderán a técnica de gravado sobre goma e a fabricación de tampóns ou matrices. Logo de coñecer o *ex-libris* que Antonio Massó deseñou para a biblioteca do Museo Massó, elaborarán e estamparán o seu propio selo.

NOVAS PROPOSTAS


Redes de Mallo



Idades recomendadas:
A partir de 8 anos

Descrición: A través do caderno de Bueu e a serie "La religión del trabajo" da artista galega Maruja Mallo, obteráanse os coñecementos básicos sobre a vida mariñeira no século XX, as redes, os oficios e cuestións sociais que se xeran ao redor do traballo no mar; así como a vida rural dos homes e mulleres do momento, con perspectiva de xénero.

O Nautilus de Lugrís



Idades recomendadas:
6- 12 anos

Descrición: Actividade que xira ao redor da figura do pintor Urbano Lugrís e a súa vinculación co Museo e a familia Massó. Proponse un xogo no que se trata de buscar en reproducións de cadros do pintor as pezas da colección do museo nas que se inspirou o artista para formar a súa particular iconografía.

Con A de astrónomAs



**Idades
recomendadas:**
4- 12 anos

Descrición: Esta actividade pretende ofrecer ás novas xeracións referentes femininos no sector científico. Trátase dunha actividade didáctica adaptada a diferentes niveis escolares sobre o esquecemento intencionado ao longo da historia da achega realizada polas mulleres de ciencia. Neste obradoiro ademais de traballar coñecementos básicos sobre a astronomía e a súa aplicación a cuestións prácticas como a orientación na navegación, centrámonos na achega dalgunhas astrónomas que puideron ser recuperadas para a historia.